

Texto para ITINERESTELLAE (Itinerario de estrelas, un percorrido polos camiños de Compostela), exposición itinerante internacional por Galicia e Portugal organizada pola Asociación de Amizade e das Artes Galego Portuguesa no ano 2010.-

Camiño somos de Compostela

Porque somos camiño, camiño que avanza e nunca se detén, sempre a agasallarnos con milleiros de arrecendos agarimosa a terra.

Caladas testemuñas do eterno peregrinar das xentes, somos laxe, somos seixo, somos pedra...

Somos carballo, castiñeira, toxo, xesta, herba, vida somos a medrar orgullosa por corredeiras e cunetas...

Somos a herdanza da terra!

Cravada a vista no horizonte, somos manancial, regato, río, corrente... Auga somos a nos mover de vagar entre penedos e pedras.

Estrelas silandeiras somos, a debuxar na negrume mesta do firmamento unha senda que convida a camiñar sen présa...

E somos alento, son, sílaba, palabra, somos conversa de cansos camiñantes a falaren as linguas máis diversas...

Somos ferradura de cabalo, pegada de bota, roda de carro e de bicicleta...

Somos distancia, somos paso, somos pegada, somos esforzo e suor, pero tamén somos sono, albergue, descanso. Somos folgar e somos sesta.

Viaxeiros nas entrañas dos soños, somos cerna da historia, somos contos, cancións e poemas, somos relato e somos lenda.

E tamén somos festa, fruta, zanfona guitarra, gaita, pandeiro... Somos xuntanza arredor da lumieira...

Somos afán e desexo. Somos degoiro e somos arela.

Camiño somos a percorrer paseniño a senda que trazaron as estrelas...